Jacobaea vulgaris Gaertn., 1791

- herba de Santiago, h. do sapo, senecio xacobeo, sacapeidos, casanio
- hierba de Santiago, azuzón, sacapeos
-
- herba de sant Jaume
- ragwort
- herva de Santiago, saca-prada



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Asterales**	**Asteraceae**	***Jacobaea***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Planta bienal ou perenne, con talos de 30-150 cm de longo, subglabros a flocosos, ramificados só na inflorescencia. Follas alternas. Flores dispostas en inflorescencias tipo capítulo de 15-20 mm de diámetro, que á súa vez están dispostas nun corimbo denso. As flores externas son tipicamente liguladas, amarelas, de 12-15 mm de longo e femininas, mentres que as internas son tubulares e hermafroditas. O froito é un aquenio, unha cípsela, duns 2 mm de longo, acanalado, as costelas externas glabras e as costelas internas densamente pilosas; ten un papus caducifolio duns 4 mm de longo. Florece de xullo a setembro.

HÁBITAT

Medra en zonas alteradas, como gabias, hortas, campos abandonados, ladeiras, claros forestais, en zonas de solo húmido e nitrificado pola presenza de gando. Dende o nivel do mar ata os 1300 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

En Europa só está ausente no norte e nas rexións áridas de Grecia e da Península Ibérica. Nesta última, falta nas zonas do sur e do sueste, así como na maior parte da conca do Ebro.

CURIOSIDADES

Tanto o nome común coma o científico fan referencia directa ao Camiño de Santiago, e polo tanto forma parte do simbolismo da peregrinación.